



HA LLEGADO ESPAÑA

A construción do relato

VÍCTOR F. FREIXANES

Teño diante de min o libro que Marc Wouters (Amsterdam, 1956) publicou en 1993 en Edicións Xerais de Galicia sobre o levantamento dos militares rebeldes contra a Segunda República o 18 de xullo de 1936. O libro leva no título esa data: *1936*, e é una das primeiras mostras das liñas de investigación que daquela se estaban a desenvolver arredor da historia oral na Universidade de Santiago de Compostela. Testemuños directos de xentes que dun xeito ou doutro viviron a experiencia do alzamento nas cidades e nalgunhas vilas de Galicia: Vigo, Betanzos, A Guarda, Ribeira, Seixalbo e Ourense. Unha ollada nova sobre un discurso que ata ese momento viña case que exclusivamente da man do bando dos vencedores, e en parte aínda así continua: velaí as placas e inscricións cos nomes dos caídos nas fachadas dalgunhas das nosas igrexas, a nominación das rúas, certos pronunciamentos públicos... Oitenta anos despois fican bastantes cuestións pendentes, e a memoria colectiva, mesmo nas xeracións que nin sequera indirectamente viviron a traxedia, segue sen se aquelar de todo.

Se aceptamos que a Historia é un discurso documentado cos feitos segundo a perspectiva dende a que se formula, e asumimos asemade que a obxectividade é sempre un concepto relativo, en moitos casos resultado dunha convención ou consenso social, o tempo debería ser un cicatrizante eficaz, capaz de poñer as cousas no seu sitio. Aínda que sexa un "sitio" relativo, repito. O discurso (o relato) vén ser a construción simbólica (reconstrución nalgúns casos) que a sociedade fai de si mesma, na lembranza asumida do seu pasado. Asumida por todos, non por uns poucos. Na medida en que ese pasado se asume como tal, trasmítese xeracionalmente e, xa que logo, alicerza o edificio común, o cemento social da convivencia, o proxecto compartido que continúa.

A Guerra Civil española abriu una ferida profunda que se transmitiu xeracionalmente, nos que padeceron a traxedia e nos fillos e netos que recibiron a información da experiencia, marca emocional que aínda pervive, repito, oitenta anos despois, algo que non aconteceu noutros espazos sociais, polo menos non desta maneira.

O libro de Marc Wouters exemplifica o esforzo que a nova historiografía galega iniciara dende a década de 1970. Incorporaba unha metodoloxía de procura de fontes directas, fontes vivas (Proxecto Historia Oral de Galicia, Historga, 1988), na medida en que daquela aínda se podían atopar testemuñas capaces de relatar sen

intermediacións os acontecementos. Na universidade compostelá creouse un fondo documental, unha estratexia de traballo que, entre outras cousas, frutificou no grupo de investigación HISTAGRA, ao que se fai referencia nas páxinas deste número, así coma noutras iniciativas públicas e privadas no ámbito universitario, sindical, asociativo, etc.

En calquera caso, a construción do relato é fundamental: a súa construción e a súa aceptación social, que a prol da saúde e estabilidade democrática ha ser o máis ampla, plural e interxeracional posible, o que significa tamén achegarse o máis que se poida ao que denominamos “obxectividade”, experiencia compartida. Lorenzo Fernández Prieto, Antonio Míguez Macho e Dolores Vilavedra falan disto na introdución aos traballos do monográfico deste número, que acordamos titular “Historia e memoria do 36”.



Historicamente a construción do relato, sobre todo logo dunha experiencia traumática como a que viviu naqueles anos a sociedade española e, xa que logo, a sociedade galega, semellante en gran medida á que algúns anos despois padecería a Europa toda e mesmo unha gran parte do planeta, a construción do relato, digo, ten polo menos tres fases.

A primeira é a de propaganda, elaborada en quente, mesmo en pleno conflito, tanto dende o bando dos vencedores como dende o bando dos vencidos. En Galicia hai dous libros especialmente significativos deste periodo: o publicado anonimamente en París en 1938, *Lo que han hecho en Galicia. Episodios del terror blanco en las provincias gallegas contados por quienes los han visto*, cunha edición posterior case idéntica en Buenos Aires; e o titulado *Galicia y el movimiento nacional. Páginas históricas*, tamén do ano 1938, asinado polo crego Manuel Silva Ferreiro. Dous textos “de combate” pensados para a mobilización ideolóxica, que non son os únicos, aínda que na miña opinión son os máis representativos.

A segunda fase céntrase principalmente no discurso simbólico: a construción do imaxinario colectivo dende unha perspectiva emocional, que establece unha fórmula de aceptación ou complicidade entre o emisor e o receptor, e que se apoia principalmente na ficción e no memorialismo (crónica da experiencia vivida), no discurso literario (principalmente a novela) e no audiovisual (o cinema).

Dadas as características e condicionamentos da sociedade galega, o relato cinematográfico apenas conta entre nós, ou hai que agardar a bastantes anos despois para que aparezan os primeiros documentos propios: películas como *Fuxidos*, de Sancho Gracia (1992), inspirada en textos de Carlos Reigosa, ou *A lingua das bolboretas*, de Jose Luis Cuerda (1999) e *O lápiz do carpinteiro*, de Antón Reixa (2003), ambas as dúas baseadas en novelas de Manuel Rivas. O relato literario frutificar algo máis cedo: Ramón Valenzuela, Silvio Santiago, as memorias de Alonso Ríos, algúns textos de Neira Vilas...

As primeiras producións en lingua galega con esta temática foron as de Ramón Valenzuela: *Non agardei por ninguén* (1957), editada por Luis Seoane en Buenos Aires; e en Galicia, *O silencio redimido* de Silvio Santiago (Galaxia, 1976) e *O señor Afranio ou como rispei das gadoupas da morte*, de Antón Alonso Ríos (Castrelos, 1979), esta última na fronteira do memorialismo, onde cómpre salientar asemade a obra de Juan Noya Gil (*Fuxidos*, Caracas,





1979), as memorias de Manuel González Fresco (Xerais, 1980) e en xeral a interesantísima colección de Documentos para a Historia Contemporánea que nesas datas empezou a promover Isaac Díaz Pardo dende Edicións do Castro.

A terceira etapa é a documental e historiográfica, fundamentada no estudo e na investigación dos feitos, principalmente a investigación de carácter académico, etapa de distanciamento e de rigor metodolóxico que en Galicia escomenza, como dixemos, a partir da década de 1970 coas liberdades democráticas e a aparición dunha nova xeración de historiadores centrados no acontecemento contemporáneo. Sobre estes esteos álzase basicamente o discurso, en que participan distintas xeracións e distintos xéneros. A primeira fase atinxe os protagonistas máis inmediatos: os que fixeron ou padeceron a guerra. A segunda, sen esquecer os primeiros, diríxese aos fillos. A terceira aspira a fundamentar no rigor e na mentada distancia a percepción documentrada dos feitos.

Escribe Wouters: “A memoria humana é extramadamente intrincada. Mesmo os neurólogos están aínda abraiados polo funcionamento da mente. [...] Os historiadores sentimos o mesmo pasmo cando encaramos o funcionamento da memoria. ¿Por qué unha persoa lembra detalles do ano 36 e esquece o que acaba de contar hai cinco minutos? ¿Como é posible que dúas persoas teñan na memoria lembranzas completamente contraditorias e excluíntes do mesmo acontecemento? Existe toda unha “xeoloxía da memoria” [...], unha gama de variacións nas que debemos atopar o noso camiño...” ■

Fotograma de *O lapis de carpinteiro*, dirixida por Antón Reixa (2003), película baseada na novela homónima de Manuel Rivas

